



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

CONVOCATORIA DAS AXUDAS DESTINADAS AO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIIS DURANTE O ANO 2026.

Primeiro. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarias desta convocatoria as entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas e rexistradas no Rexistro de Asociacións de Galicia, con sede e ámbito de actuación no Concello de Muros, que desenvolvan actividades culturais.

Segundo. Obxecto.

O obxecto deste programa é o apoio ao desenvolvemento de proxectos e actividades culturais no municipio de Muros por parte de entidades sen ánimo de lucro.

Terceiro. Bases reguladoras.

A presente convocatoria rexerese polas Bases Reguladoras aprobadas polo Concello de Muros, dispoñibles na súa páxina web (www.muros.gal) e na sede electrónica do Concello de Muros (sede.muros.gal).

Cuarto. Contía.

O importe total destinado a esta convocatoria determinarase en función da dispoñibilidade orzamentaria do Concello de Muros. A contía máxima da axuda por proxecto será de 1.500,00 €, debendo a entidade beneficiaria garantir un nivel mínimo de autofinanciamento do 10% do custo total da actividade subvencionada.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes a partir da data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Sexto. Outros datos de interese.

As solicitudes deberán presentarse mediante os modelos normalizados dispoñibles na páxina web do Concello de Muros (www.muros.gal) ou no Rexistro do Concello. A documentación requirida e o procedemento de tramitación están detallados nas bases reguladoras que foron publicadas no BOP do luns, 21 de abril de 2025 (BOP número 74).